



Neste número de finais de ano poderá atopar o lector ou lectora varios traballos maiormente relacionados coa temática tratada no noso XXXII Foro «Relixión e Cultura en Galicia» dedicado á cuestión da prostitución, a trata e a explotación laboral. Pero tamén publicamos outros textos con diversas e interesantes temáticas.

Da man de Antón Gómez poderémonos situar na situación política e social na que abordamos no pasado mes de novembro o problema da trata de persoas con fins de escravitude sexual e laboral. El foi o autor da presentación do Foro e comezamos co seu traballo introdutorio este número de Encrucillada.

A continuación publicamos uns textos inspirados nos dous relatorios principais que encheron dun rico e estarrecedor contido a reflexión máis nuclear do encontro. O primeiro fíxoo a profesora da Universidade Pontificia Comillas Carmen Meneses Falcón e aborda con competencia e claridade os problemas –intimamente relacionados pero non idénticos– da prostitución, a trata e a explotación sexual de mulleres.

Nun traballo máis breve achegámonos a unha síntese do que foi a intervención da profesora Elena Arce Jiménez que traballa na oficina do Defensor do Pobo en Madrid. Desde unha perspectiva máis xurídica intenta analizar o problema da explotación de persoas desde un punto de vista laboral e presenta a lexislación española e a realidade social, xunto cos retos e desafíos que xorden desa complexa interacción.

Como complemento máis concreto a ese difícil marco que supoñen as escravitudes sexuais e laborais ofrecemos tamén tres achegas igualmente sintéticas que poñen aos lectores en contacto con tres realidades ben próximas.

En primeiro lugar, o proxecto «Vagalume» que, a instancias das irmás Oblatas, traballan en contextos de prostitución en Santiago de Compostela.

A continuación, a asociación «Xiara» que se ocupa da situación persoal, social e laboral das persoas que traballan no servizo doméstico.

E, finalmente, o problema ético e político dos chamados «ventres de aluguer» no que as mulleres parecen reducirse a meros recipientes xestantes de vidas encargadas a distancia.

Firma a achega de Vagalume, Lourdes Pazo. O traballo de Xiara está feito por Mercedes Andrade e Teresa Rodríguez. E a reflexión sobre os ventres de aluguer é unha colaboración da deputada do BNG, Olaia Rodil.

Rosa Andiñón redactou unha breve crónica do Foro que nos posibilita refrescar o alí vivido aos asistentes e imaxinar o acontecido aos ausentes.

Incluímos, tamén, un traballo de Ramón Cao que nos achega a unha figura non moi coñecida e, porén, sumamente interesante. Trátase de Fr. Lino Gómez Canedo, un relixioso franciscano bo e sabio cuxa vida e obra é digna de atención. Queremos, con este traballo, dar comezo a unha sección fixa da nosa revista que sirva para valorar e dar a coñecer persoas cuxa aportación á humanidade fose realmente valiosa e estean relacionadas coa nosa terra. Temos nesta primeira achega un comezo realmente salientable.

Completan o número algúns traballos mais: dous In Memoriam redactados por Xaquín de Roca e Francisco Martínez Sánchez no que se recorda a igualmente singular figura de Xosé Manuel Carballo, finado recentemente, xunto con dúas recensións, feitas, a primeira, por Xosé Lois García do último libro de Manolo Regal e, a segunda, por Victorino Pérez Prieto doutro de Tolstoi, así como as habituais crónicas de política, cultura e Igrexa. Sen esquecernos, obviamente, dos debuxos sempre creativos de Soedade Pite e Siro López; e os índices de finais de ano que, como sempre, son elaborados pola xenerosidade de Ramón Díaz Raña.

Pedro Castelao